

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA E CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE, PARA A INSTALACIÓN DE REFUXIOS NAS PARADAS DAS LIÑAS DOS SERVIZOS DE TRANSPORTE INTERURBANO DE VIAXEIROS POR ESTRADA DE GALICIA.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Directora do Instituto Enerxético de Galicia (Inega)

DECLARA:

Que esta entidade de dereito público pretende formalizar ca Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, o instrumento de colaboración arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2022.

Que o convenio de colaboración ten por obxecto establecer as condicións para incentivar a mobilidade eficiente e sustentable (Programa Moves II) regulado polo Real Decreto 569/2020, a través da actuación 4 “Implantación de medidas de mobilidade sostible ao traballo, mediante a incorporación de refuxios (marquesiñas) que doten das instalacións axeitadas as paradas das liñas dos Servizos de transporte interurbano de viaxeiros por estrada da Comunidade Autónoma de Galicia

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura deste convenio de colaboración, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital.

